

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE OUTUBRO DE 2024, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARILLO
Concelleiros/as:	D. MANUEL COSTA CERNEIRO D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ D. XOSÉ ANTÓN POSE RODRÍGUEZ D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO D. XESÚS CASTRO BLANCO D. JESÚS GONZÁLEZ CORBELLE D <sup>a</sup> . MARÍA BEGOÑA GONZÁLEZ PICANES
Secretaria	D <sup>a</sup> . MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta de outubro de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia de D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (26/09/2024).**

Dáse conta da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada o día 26/09/2024 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Aprobación, se procede, da modificación das Normas de Funcionamento da Escola Infantil Municipal para adaptalas á normativa de gratuidade das escolas infantís 0-3 anos (Expediente núm. 2024/G013/000001)**

Dáse conta do ditame da comisión informativa de economía e especial de contas do día 28 de outubro de 2024.

O Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 31.07.2014 aprobou inicialmente as normas de funcionamento da EIM.

O citado acordo foi publicado no BOP núm. 150/24, de data 6 de agosto, e na sede electrónica municipal. Ao non presentarse alegacións durante o período de exposición pública o citado acordo elevouse a definitivo, publicándose o texto íntegro das mesmas no BOP núm. 185/24, do 25 de setembro.

Nas citadas normas establécese:

-Un prazo de ausencias superiores a 15 días sen xustificar para a perda de gratuidade da asistencia educativa, de acordo coa orde reguladora da gratuidade nas escolas infantís do curso

2023/2024, porque era a normativa vixente nesta materia nese momento e colleuse de referencia.

-Igualmente o prazo de ausencias superiores a 15 días para solicitar unha suspensión temporal da praza, achegando a documentación xustificativa e reservando a praza ao alumnado.

Con data 30 de agosto publicouse no DOG a Orde da Consellería de Política Social e Igualdade, do 9 de agosto de 2024, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís de 0-3 anos e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2024/2025.

O artigo 4. 6 establece “A non asistencia do neno ou da nena usuarios da escola infantil 0-3 ou PAI durante un período de cinco (5) días hábiles sen xustificar dará lugar á súa baixa para a inclusión no programa da gratuidade, na obtención da bonificación da liña 2 (gratuidade da asistencia educativa)”

De acordo coa recomendación do servizo de inspección propónse:

**Primeiro.-** Aprobar a modificación das Normas de Funcionamento (RRI) da Escola Infantil Municipal para adaptalas á normativa vixente, afectando aos seguintes artigos:

Artigo 5.2 : Procedemento de reserva de praza e ingreso.

O Parágrafo 7 queda redactado do seguinte xeito: “A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días lectivos sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade, de acordo coa normativa reguladora das escolas infantís e posteriores modificacións neste ámbito”

Artigo 25.3: Normas xerais réxime de cobramento.

O texto do parágrafo 3 pasa a ser o seguinte: “A non asistencia á escola infantil 0-3 anos durante un período de 5 días lectivos sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade, de acordo coa normativa reguladora da gratuidade das escolas infantís e posteriores modificacións neste ámbito. Nestes casos procederase a emitir resolución polo órgano competente, que será notificada aos proxenitores /as, titores/as ou representantes legais do alumnado, concedéndolles o dereito de alegacións previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)”

Artigo 27.1: Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias e causas de baixa. Suspensións temporais.

A nova redacción do parágrafo 1 é a seguinte: “A non asistencia á escola infantil durante un período de 5 días lectivos sen xustificar dará lugar á baixa do alumno/a no programa de gratuidade, de acordo coa normativa reguladora da gratuidade das escolas infantís e posteriores modificacións neste ámbito. No caso de ausencias superiores ao prazo establecido na normativa reguladora de gratuidade a familia solicitará por escrito xunto coa documentación xustificativa a suspensión temporal no Rexistro Xeral do Concello de Vedra ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da LPACAP. O órgano competente emitirá a resolución e, no caso de ser favorable a suspensión temporal, o centro reservará a praza do/a alumno/a”

**Segundo:** Someter o presente acordo á exposición pública coa publicación mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) por un prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse

reclamacións ou suxestións no citado prazo considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade.

**3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza fiscal núm. 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) (Expediente núm. 2024/G016/000002)**

Dáse conta do ditame da comisión informativa de economía e especial de contas do día 28 de outubro de 2024.

Visto a necesidade de modificar a Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) para incrementar a carga tributaria derivada da imposición deste imposto nos bens inmóbles rústicos e urbanos para adecuar a recadación á realidade actual, caracterizada por un incremento nos últimos anos dos servizos aos que o Concello debe atender así como do custo da súa prestación, especialmente na área dos servizos sociais, cunha proxección de incremento de gasto sobre o actual para o 2025 de máis de 200.000 euros nos servizos de axuda no fogar (SAF) e escola infantil municipal (EIM)

Considerando igualmente que como consecuencia da baixada de poboación neste ano 2024, situándose a mesma por debaixo dos 5.001 habitantes, o Concello de Vedra reducirá o seu coeficiente de ponderación do 1,17 ao 1,00 para o cálculo do importe da participación nos tributos do estado do ano 2025, que en termos económicos tradúcese nunha minoración aproximada de 130.000-140.000 euros de ingresos ordinarios para o ano 2025.

Considerando que os tipos de gravame aplicados aos bens inmóbles de natureza rústica e urbana correspóndense cos aprobados na aprobación definitiva do imposto no BOP núm. 157 do 18.08.2010, sen que foran modificadas nos últimos case 15 anos.

Considerando a posibilidade que establece o artigo 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de incrementar os tipos de gravame ata o 1,10 para os bens urbanos e o 0,90 para os rústicos, sen prexuízo doutros posibles incrementos previstos cando concorran as circunstancias previstas no apartado 3, propónse modificar o artigo 13º “tipo de gravame” de acordo co seguinte:

<b>Bens Inmóbles de natureza urbana</b>	
<i>Tipo de gravame actual</i>	0,44
<i>Tipos de gravame proposto</i>	0,51
<i>Base liquidable padrón 2024</i>	137.443.980,22
<i>Cota padrón 2024</i>	604.753,64 euros
<i>Importe previsión incremento</i>	700.964,30 euros.

<b>Bens Inmóbles de natureza rústica</b>	
<i>Tipo de gravame actual</i>	0,44
<i>Tipos de gravame proposto</i>	0,51
<i>Base liquidable padrón 2024</i>	31.105.743,75
<i>Cota padrón 2024</i>	136.865,20 euros
<i>Importe previsión incremento</i>	158.639,29 euros.

<b>Previsión incremento total na recadación IBI rústico e urbano</b>	<b>+ 117.984,75 €</b>
--	-----------------------

Visto o informe da secretaría de asesoramento legal preceptivo, en cumprimento do establecido no artigo 3.3 d) 1º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Á vista da documentación que obra no expediente 2024/G016/000002 e unha vez cumpridos os trámites esixidos na lexislación vixente, propónse ao pleno:

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) de acordo coa redacción que se achega como Anexo I.

**Segundo:** Someter a dita modificación da ordenanza fiscal municipal a exposición pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Coruña (BOP) por trinta días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O texto íntegro da modificación da ordenanza aprobada con carácter provisional estará a disposición para a súa consulta na páxina web municipal ([www.concellodevedra.es](http://www.concellodevedra.es)) e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>). Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiveran presentado e aprobando a redacción definitiva da modificación á que se refira o acordo provisional. No caso de non terse presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

**Terceiro:** Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro das modificacións da ordenanza fiscal no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Presidencia expón que esta é unha decisión complexa, impopular, pero necesaria na responsabilidade de gobernar. Todos os concellos están nunha situación límite debido á subida do recibo de Sogama, custes de construción e de subministracións etc. Hai servizos, como a EIM ou o SAF que supoñen un incremento de 200.000 € para o ano. Son servizos que hai que seguir prestando. Por outro lado, a finais de ano sairá a cifra oficial de poboación, que será arredor de 4.950 habitantes, co cal os ingresos de transferencias directas do Esta do descenden entre 130.000 e 140.000 euros.

Polo tanto, estase a falar dun axuste duns 300.000 € para o ano que vén. A subida que se propón, supón incrementar o recadado en base ao IBI, arredor duns 118.000 €. Significa axustar no orzamento vía impositiva só un terzo do que xa se sabe agora mesmo, para poder manter a prestación de servizos que xa están consolidados no concello. Vedra é o concello da comarca que presta máis horas de dependencia por número de habitantes; o que máis cartos destina por habitante ao movemento cultural, deportivo, asociativo e musical, porque no mundo da conciliación fan un labor fundamental para as familias.

Tamén aposta pola conciliación (madrugadores, ludoteca, etc); pola colaboración a nivel de infraestruturas e económica con entidades como Agadea, Habilitas para atender as necesidades de familias do concello.

O grupo de goberno non quere recortar servizos e ten que conseguir eses dous terzos dese desfase que aínda quedan a través de aforros así como seguir buscando ingresos doutras administracións.

Pasar do 0,44 de tipo impositivo ao 0,51 supón uns 118.000 €. Nos últimos trece anos o IPC subiu un 27%. A subida que propoñen do IBI vén sendo dun 15%, polo tanto inferior ao do IPC.

O grupo de goberno falou con catastro, xa que no 2010 houbo unha subida moi importante debida a unha nova ponencia de valores dos inmobles, para preguntar se ía haber unha nova en Vedra proximamente e contestáronlle que nos próximos dez anos non ía haber variacións.

En comparativa con concellos limítrofes, A Estrada subiu o ano pasado un 25% (de 0,4 a 0,5); Teo está no 0,54; Santiago no 0,51; Boqueixón no 0,44. Na provincia de A Coruña, 43 concellos teñen de 0,5 para arriba.

En xuño de 2020, o xornal La Voz de Galicia facía unha comparativa do recibo medio da cota entre o ano 2008 e o 2018. Nas cotas de 2018 o recibo medio en Boqueixón era de 187€ e en Vedra de 172 €. Coas actualizacións dos últimos anos, Boqueixón está nun recibo medio de 200 € e Vedra, sen a subida, nuns 185 €. Coa subida de agora, Vedra pasará aos 221 €, pero Boqueixón ten o tipo máis alto ca Vedra en IVTM, co cal eses 20 € de diferenza compénsanse. A presión fiscal é similar.

Fixeron un estudo de todos os recibos que se emiten en Vedra. O 52% dos recibos de IBI son de bens de ata 30.000 €. Un recibo medio dun ben de 15.000 € pasaría de 66 € a 76 €. Se fose un ben de 30.000 € a subida sería de 20 € no recibo.

Os bens valorados entre 30.000 € e 60.000 € son un 21%. Polo tanto un ben medio de 45.000 € que paga un recibo de 200 € pasaría a 230 €; e un de de 60.000 € subiría 42 €.

Os bens de 60.000 a 90.000 €, que son o 15% dos recibos, pasarían de 400 a 460 €. Por tanto o 90% dos recibos que se emiten, terían unha subida de 10, 20, 30, 40 € ata 60 € como máximo.

O Sr. Pose, do BNG, di que é o mesmo discurso de sempre todos os anos cando soben as taxas. A última vez que as subiron estaban contentos porque non subían o IBI e doce meses despois fixérono. Aquela subida última foi porque tiñan que amortizar unha póliza de crédito de 400.000 €, uns 100.000 € ao ano. Teoricamente teñen que comezar a devolver os cartos que lles deben á Deputación no 2025, a razón de 100.000 € ao ano, basicamente porque quixeron endebedar ao concello. A isto hai que sumar a devolución da póliza de 400.000 €, a razón de 100.000 € anuais, basicamente porque facían trampas. Teñen que aforrar o 20% dos custes do centro de día, sobre 100.000 €, basicamente porque decidiron dedicalo a asfalto. Teñen que aforrar o 20% do valor da teórica reparación do centro de saúde, uns 100.000 €, basicamente porque decidiron pedir 2.000.000 € de fondos Next-Generation para beirarrúas que non lles concederon.

Cre que non é de recibo solicitarlle o voto a favor para pagar a incompetencia do grupo de goberno.

Pregunta como lle sentará ao alcalde de Boqueixón que o utilicen para xustificar as desfeitas do PP en Vedra.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que esas comparacións entre concellos con datos extrapolados ao aire son para tratar de explicar a nefasta xestión do grupo de goberno. Os concellos son totalmente diferentes, e se queren comparar concellos deben facelo con todos os datos en conxunto.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo votará en contra, porque os ingresos non deber subir a costa da veciñanza.

A Presidencia contéstalle a dona Yolanda Vieiro que cando queiran comparan concellos con todos os datos.

Replica ao Sr. Pose que non se trata dunha cuestión de ideoloxía. En Carballo, dende hai anos goberna un referente do BNG, e van subir a taxa do lixo un 50%. Santa Comba, gobernada polo PSdeG-PSOE vai subir o IBI, IVTM, actividades e taxa do lixo.

Di que o voceiro do BNG relaciona todo isto coa débeda e iso non é verdade. O problema é que en dous servizos básicos o ano que vén hai un incremento de custes de 200.000 €.

O Sr. Pose, do BNG, di que se é certo que teñen un incremento de custes de 200.000€, só nas súas promesas necesitan aforrar 300.000 €; cando non son capaces de aforrar eses 100.000 € da póliza de crédito, polo tanto teñen que sacar dalgún sitio 500.000 €, no caso de que a Deputación non cobre a súa débeda. Tendo en conta o historial da súa xestión, non van ser capaces de facelo.

A Presidencia recorda que xa no ano 2004, no BOP do 08/01/2004, o tipo de gravame en Vedra dos bens inmoables de natureza urbana era de 0,50 e os de rústica de 0,65. No 2010 baixouse a 0,44 os dous tipos, precisamente pola nova ponencia de valores que nese ano subiu moitísimo os mesmos.

Posta a votación a citada proposta apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do BNG e PSdeG-PSOE.

#### **4º.- Aprobación, se procede, da Relación de postos de traballo do Concello de Vedra (RPT) (Expediente 2024/E004/000001)**

Dáse conta do ditame da comisión informativa de economía e especial de contas do día 28 de outubro de 2024.

O Concello de Vedra ten unha Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada polo Pleno da corporación en sesión celebrada o 25 de outubro de 2017 (BOP núm. 18 do 25.01.2018) que ata o momento non foi obxecto de ningunha modificación.

A modificación da RPT que agora se propón enmárcase na natureza flexible, revisable e dinámica da mesma e amparada na potestade de autoorganización recoñecida e atribuída ás entidades locais en virtude do artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), que implica, tal e como ten sinalado unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo, a potestade para estruturar a súa organización do xeito que considere máis axeitado para a súa actividade ordinaria e prestación dos seus servizos.

Considerando a memoria da alcaldía que contén a motivación da modificación da RPT así como o detalle das modificacións incluídas.

Considerando que a modificación proposta someteuse a consulta e negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación en virtude do esixido polo artigo 37.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Considerando o informe emitido pola secretaría en relación á proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vedra.

De conformidade co disposto no artigo 22 i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a aprobación da modificación da RPT corresponde ao Pleno da Corporación.

Á vista do anterior, propónse ao Pleno :

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo que se achega coa presente proposta (Anexo II).

**Segundo:** Someter a relación de postos de traballo a información pública por un prazo de 20 días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

**Terceiro:** A aprobación da relación de postos de traballo elevarase a definitiva si transcorrido o dito prazo, non se presentaran reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

**Cuarto:** Aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia aos órganos competentes da Administración Xeral do Estado e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de 30 días e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e na Sede Electrónica Municipal (<https://sede.vedra.es>). Contra o acordo de aprobación definitiva, una vez publicado no BOP, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Pleno da Corporación, no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado Contencioso-Administrativo competente, de conformidade ao establecido pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Comúns das Administracións Públicas e Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**Quinto:** Os efectos económicos da modificación da relación de postos de traballo terán lugar dende o 1 de xaneiro de 2025, excepto os asociados ao subgrupo dos postos de promoción interna, que terán efectos dende o momento en que os/as empregados/as sexan nomeados tras ter superado o proceso de promoción interna correspondente.

A Presidencia di que se chegou a un acordo cos representantes sindicais e sindicatos da mesa de negociación.

O Pleno por unanimidade dos asistentes aproba a citada proposta.

#### **5º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo BNG solicitando a condena do xenocidio en Gaza e a ocupación de Palestina (Expediente núm. 2024/X006/000047)**

Dáse conta da moción presentada polo BNG, a instancias da Coordinadora Galega de Solidariedade con Palestina, na que na exposición de motivos dan conta da grave situación que se está a vivir en Palestina, por mor da ocupación polo Estado de Israel, con máis de 41.000 vítimas mortais, milleiros de persoas desaparecidas e feridas que non teñen posibilidade de atención médica, fogares destruídos, derrubamento de infraestruturas civís, sen respectar nin escolas nin hospitais, provocando o desprazamento forzado de milleiros de habitantes cara as chamadas zonas seguras, nas que tampouco se respecta á poboación civil.

O 18 de setembro a Asemblea Xeral da ONU adoptou unha resolución pedindo a Israel que poña fin sen demora á súa presenza ilegal nos territorios palestinos ocupados, incluíndo Xerusalén Este, e esixíndolle que devolva as terras roubadas á poboación palestina, permita o retorno ás persoas desprazadas e proceda á reparación aos damnificados, e que a comunidade internacional non recoñeza as consecuencias territoriais, legais nin demográficas da ocupación de territorio palestino.

Ante esta situación en defensa dos dereitos humanos que debe gozar toda persoa e pobo, solicitan do Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- Condenar e rexeitar as accións militares do Estado de Israel tanto na Faixa de Gaza como no resto de territorios palestinos, o que supón unha grave violación do dereito internacional e solicitar a detención inmediata das agresións e a total retirada das tropas de ocupación e das colonias ilegais na Palestina.

2.- Instar ao Goberno municipal á apoiar e difundir por todos os medios ao seu alcance a mobilización nacional de apoio ao pobo palestino do 06 de outubro en Compostela.

3.- Amosar o respecto pleno ao dereito de soberanía da Palestina e da súa integridade territorial.

4.- Manifestar a total solidariedade do Concello de Vedra con Palestina e co seu pobo, lamentando a perda de milleiros de vidas e transmitir o profundo pesar polo padecemento da súa poboación.

5.- Instar á Unión Europea e dar o apoio humanitario necesario ao pobo palestino, así como a intensificación da axuda humanitaria e de emerxencia.

6.- Instar á UE, ao Estado Español e ao Goberno da Xunta de Galicia a coordinarse para acoller nas mellores condicións ás persoas refuxiadas e a comprometerse coa atención sociosanitaria das crianzas palestinas en grave situación de vulnerabilidade, e á ruptura de relacións diplomáticas e de acordos académicos e comerciais co Estado de Israel.

7.- Solicitar á UE un maior esforzo para impulsar unha desescalada da ocupación e da violencia a través de relacións diplomáticas e do respecto do dereito internacional.

8.- Instar ao Goberno Municipal a comprometerse a non acoller ningún evento de carácter deportivo, cultural ou doutra índole con asociacións ou organizacións sionistas, adheríndose á convocatoria de boicot económico a Israel e comprometéndose a non mercar produtos de orixe israelí, nin realizar contratacións con empresas do estado sionista.

9.- A Corporación municipal do Concello de Vedra reconece o Estado Palestino, co seu territorio íntegro entre o río Xordán e o mar Mediterráneo.

O Sr. Pose, do BNG, entrega a carta da coordinadora aos concelleiros. Solicita que se aprobe a moción tal e como se presenta sen modificación algunha. De non ser así, retiraraa da orde do día. Non é unha moción do BNG, senón dos palestinos.

O Sr. Costa, do PP, cre que teñen dereito a expresa libremente a súa posición. Se o BNG considera que non debe modificarse, é a súa liberdade.

Reitera o Sr. Pose, do BNG, que é unha moción dos palestinos que viven nese territorio, non do BNG. Solicitan eles que non se aprobe se non é integramente.

Retira a moción por respecto a quen a presenta.

**6º.- Acordo, se procede, sobre moción presentada polo Grupo Popular contra o desmantelamento da seguridade preservada pola garda civil na provincia da Coruña (Expediente núm. 2024/X006/000051)**

Dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP contra o desmantelamento da seguridade preservada pola Garda Civil na provincia da Coruña.

Na súa exposición de motivos dan conta do aumento de criminalidade no país segundo os datos publicados polo Ministerio do Interior, sendo preocupante o incremento en Galicia, onde as infraccións subiron un 3%.



Por outra parte a Garda Civil nos pequenos municipios e áreas rurais ten como misión principal protexer as zonas, especialmente as máis afastadas dos núcleos urbanos, asumindo competencias en seguridade cidadá.

Os actuais proxectos do Ministerio contemplan peche de cuarteis, redución de horarios e eliminación de numerosos postos no persoal, afectando gravemente á provincia da Coruña. Esta redución é incongruente coas necesidades das comarcas da provincia, que requiren a presenza constante das forzas de seguridade debido á escaseza de recursos e á dispersión xeográfica.

Por iso solicitan do pleno a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno de España a:

- 1.- Reforzar e recoñecer o labor que realiza a Garda Civil, comprometéndose a manter a súa presenza en todos os postos da Garda Civil na provincia da Coruña, proporcionado recursos adicionais tanto en persoal como en medios materiais.
- 2.- Establecer unha colaboración efectiva cos concellos da provincia da Coruña para asegurar a adecuada protección da seguridade cidadá.
- 3.- Garantir a atención presencial nos cuarteis da provincia da Coruña durante as 24 horas do día para atender as necesidades dos cidadáns.
- 4.- Evitar o peche de calquera posto na provincia da Coruña.
- 5.- Reforzar de maneira urxente os Postos da Garda Civil en todas aquelas áreas que carecen de Policía Local.
- 6.- Cubrir todas as prazas vacantes no catálogo de postos de traballo para a provincia da Coruña que actualmente están desocupadas.
- 7.- Desenvolver un plan de incentivos profesionais e económicos para atraer axentes aos postos de baixa demanda no medio rural.
- 8.- Utilizar con urxencia as vacantes do persoal en reserva sen destino aumentando a dotación de axentes na provincia da Coruña.

O Sr. Costa, do PP, di que o obxectivo da moción é intentar solucionar o que está acontecendo na provincia de A Coruña. Por un lado o aumento da criminalidade segundo as cifras do Ministerio do interior, e por outro lado a supresión de postos auxiliares da Garda Civil, postos sen cubrir, etc. Isto aféctalle máis aos concellos rurais que non teñen policía local, onde a dispersión das vivendas é maior. Na liña de mellorar o servizo de seguridade cidadá é na que reivindicamos estes acordos. Solicita o apoio dos grupos da oposición.

O Sr. Pose, do BNG, propón unha emenda substituta de todo o texto íntegro da moción: “O concello insta á Xunta de Galicia a desenvolver a Lei 8/2007 de 13 de xuño da policía autonómica de Galicia para mellorar a seguridade cidadá, especialmente no rural”.

Dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, di que dende o grupo socialista consideran imprescindible aclarar e contextualizar a moción presentada polo Partido Popular sobre a seguridade cidadá e o papel da garda civil nas zonas rurais de Galicia e particularmente na provincia da Coruña.

O compromiso do Goberno é o benestar e a seguridade de todos os galegos, independentemente de onde vivan.

Tamén compre recordar que a Xunta de Galicia ten competencia en materias de prevención, revitalización do medio rural e apoio as forzas da seguridade.

Hai que ter en conta que entre os anos 2012 e 2018 perdéronse en España máis de 13.000 efectivos das forzas e corpos de seguridade do Estado. Durante ese período os cadros de persoal diminuían a un ritmo de máis de 1800 axentes por ano, fundamentalmente debido a unhas convocatorias mínimas que non cubrían as xubilacións dos efectivos.

Por exemplo no caso da garda civil, as prazas ofertadas foron 134 no ano 2013 e 159 no 2014 e non superaron as as 1.000 prazas convocadas ata o ano 2016.

Dende o ano 2018, este Goberno está realizando un esforzo adicional extraordinario para a recuperación dos cadros de persoal policiais, e grazas a ese esforzo Galicia alcanzou a finais de 2023 o maior número de efectivos da policía nacional e da garda civil da súa historia, chegou case a 9.000 axentes en ambos corpos.

No que respecta á garda civil, o persoal en Galicia sitúase arredor de 5350 axentes (A Coruña 1.813, Lugo 1.005, Ourense 873 e Pontevedra 1.654)

Esta cifra é un 7,8% superior á que se rexistraba na lexislatura do PP e é onde se ve o esforzo do goberno central.

O propósito do Goberno é seguir aumentando o persoal. Actualmente a taxa de reposición dos corpos policiais é do 125%, o que o converte no colectivo de empregados públicos aos que se lle aplica a maior taxa de reposición. A convocatoria de emprego público do 2024 suma 2.724 novas prazas de garda civil, o máximo rexistrado ata a data,

Dende o 2019 o goberno de Pedro Sánchez, convocou máis de 13.300 prazas de garda civil, o que implica un esforzo económico do goberno e de capacidade de formación da propia garda civil .

No referente a criminalidade, é innegable que aumentou en certos indicadores, pero as causas son moito máis complexas que o que a moción quere mostrar. De feito a gran parte deste incremento está relacionado co crecemento dos cibercrimes, un tipo de delito que non se limita ao ámbito rural e que estas denuncias preséntanse no lugar onde se vive pero cométese noutros territorios, e que non depende unicamente da presenza física da garda civil. De feito a administración actual aprobou numerosas reformas legais e de recursos destinadas á seguridade e á xustiza, como a reforma da Lei de Xustiza Penal para mellorar a atención as vítimas, así como medidas innovadoras para a coordinación entre institucións.

En canto ao peche de postos auxiliares da garda civil, esta reorganización responde a unha necesidade de facer máis eficiente a distribución de recursos humanos e materiais, especialmente nas zonas con pouca demanda de atención presencial en determinados horarios. Esta moción parece ignorar as melloras que se están implementando en materia de servizo dixital e de proximidade, con canles dixitais como AlertCorps e recursos telefónicos que permiten aos axentes centrarse nas operacións en zonas con maiores índices de criminalidade e mellorar a capacidade de responder onde sexa preciso.

Ademais o goberno central está impulsando unha coordinación constante entre a garda civil e as policías locais (se fose o caso) ou autonómicas para optimizar recursos e evitar duplicidades. O despregue de novas tecnoloxías e a mellora das comunicacións permiten tamén aos axentes dar un servizo máis eficaz, facendo que a seguridade no rural sexa unha prioridade.

Recordar que Galicia é a día hoxe a terceira comunidade máis segura de España e que ascendemos un posto na lista no ano 2022 e que o consolidamos e isto é posible porque temos máis efectivos e melloramos a taxa de eficacia policial. No 2023 esclarecéronse en Galicia o 42,3% das infraccións penais, mellorando un 8% a taxa do ano anterior.

Dende o grupo socialista reiteran o seu compromiso de apoio aos corpos e forzas de seguridade do Estado, incluída a garda civil. O goberno está traballando activamente para cubrir as vacantes en colaboración co Ministerio de interior e avanzar nun plan de incentivos profesionais e económicos que atraian axentes a postos de baixa demanda. Tamén mantén unha visión conxunta e coordinada entre administracións, promovendo un equilibrio entre seguridade, xustiza social e melloras das infraestruturas que contribúan a un espazo rural máis próspero e seguro.

Non se pode esquecer que a Xunta de Galicia ten competencias clave en materia de dinamización económica e social do medio rural. A prevención do delito e a mellora da seguridade tamén depende dunha poboación asentada con acceso a emprego, servizos e oportunidades. Se realmente se quere frear a despoboamento, é imprescindible que o goberno da Xunta, poña da súa parte e se comprometa a ofrecer mellores servizos e recursos rurais, facilitando un desenvolvemento sostible e integrado.

Polo tanto solicita que este tipo de mocións sexan abordadas dunha perspectiva de colaboración e que o goberno e o PSdeG-PSOE estean dispostos a traballar en constantes melloras das seguridade cidadá, ampliando recursos e apoiando á garda civil, sempre co compromiso de garantir o benestar e os dereitos dos galegos.

O Sr. Pose, do BNG, sinala que o PP presenta unha moción que está chea de datos falsos. No primeiro trimestre no que din que se produciu un incremento de delitos, este é exclusivamente dun 18% dos delitos informáticos, que non ten nada que ver coas patrullas rurais.

O resto de delitos reducíronse un 1%. Só houbo un delito máis en materia de liberdade sexual; dous homicidios máis ca no período do ano anterior; baixaron os delitos de roubo con violencia e intimidación un 2,3%; baixaron un 3,4% os roubos con forza en domicilios e baixaron os furtos un 4%.

Sobre a impiedade na ocupación, no territorio galego concéntrase pouco máis do 1% das ocupacións, o que supón un 0,2% do total do territorio.

Anuncia a abstención do seu grupo.

Posta a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco abstencións do BNG e PSdeG-PSOE.

#### **7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre cal era o orzamento do plan director, a Presidencia di que foron 7.260 € IVE incluído.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a se se lle pagou algo a esa empresa que ía facer o plan director, a presidencia dí que non se pagou nada.

2º.- Sobre os elementos a repoñer na ludoteca, di que é un comentario.

3º.- Sobre as obras na antiga escola unitaria de San Mamede, di que xa están adxudicadas e están traballando.

-- Ás preguntas formuladas por dona Begoña González, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a que falta por executar do POS 2023, a Presidencia di que o saneamento en Fontao xa está rematado; no proxecto de camiños en Texo, Caxaraville e O Pumariño os asfaltados están no proceso de adxudicación, e probablemente se remate en novembro dita adxudicación.

2º.- Sobre cal é a débeda viva actual do concello, a Presidencia contesta que na sesión plenaria anterior o Sr. Pose afirmou: “quere deixar constancia de que o concello segue cunha débeda no 2023 de 2.700.000 €, un 66% de débeda en relación aos ingresos”.

Pois ben, a cifra oficial é de 1.661.075,56 €. O cociente de débeda viva é do 33,05%, coa previsión de que mellore ese dato a final de ano.

A débeda viva desagregase do seguinte xeito:

A débeda bancaria a longo prazo é de 250.000 €. A póliza de crédito é de 300.000 €. O resto é o que sempre fala o Sr. Pose, dos préstamos da Deputación de 1.100.000 €. Dende hai anos había un acordo para que a Deputación condonara eses préstamos que eran unha forma de acudir a eles e poder facer obras. Xuridicamente era complicado facer iso.

A solución que adoptou a Deputación foi a de non tocar o que lle corresponde a cada concello no POS, pero van sacar unhas liñas específicas para ir reducindo esa débeda.

Por iso, si figuran ese 1.100.000 € como débeda pero non afecta á economía real do concello.

#### **8º.- Rogos e preguntas.**

-- Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- En Diario.es o 3/10/2024 sae un artigo que di: “o ensaio galego de garderías gratis de Feijoo prima a privada a costa dos concellos. Nas privadas a subvención é de 309,99 € e nas municipais de 92,90 €”.

Cre que terán que solicitarlle á Xunta de Galicia máis financiamento para as escolas infantís municipais e non primar as privadas sobre as públicas.

2º.- Realizou unha busca en Expansión.com sobre as débedas dos concellos, mentres facían as comparacións entre concellos, e atopou que en Carballo dende o ano 2016 a débeda por habitante é de cero euros, mentres que en Vedra é de 158 € por habitante.

En San Sadurniño, concello con menos de 3.000 habitantes, con servizos como centro de día e miniresidencia propios, a débeda por habitante é de cero euros dende o 2012.

Conclúe ao fío das dez horas e dez minutos.

Asdo: A Secretaria: Mercedes Pereiras Caldelas

Asdo: O Alcalde: Carlos Martínez Carrillo

## ANEXO I

### TEXTO ÍNTEGRO DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN

Modifícase o artigo 13 que pasa a ter a seguinte redacción:

#### **Artigo 13º.-Tipo de gravame**

Os tipos de gravame aplicables neste concello serán os seguintes:

Bens inmuebles de natureza urbana	0,51
Bens inmuebles de natureza rústica	0,51
Bens inmuebles de características especiais	1,30

**ANEXO II**

**RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO CONCELLO DE VEDRA**

Cód.	Denominación do posto	F/L	Dot	C.D	C.E.	TP	FP	Clasificación del posto				Titulación académica	Formación específica	Observacións
								ADM	Grupo	Escala	Subescala			
1000	Secretario/a-Interventor/a	F	1	30/26	33.305,95 €	S	C	AE	A1/A2	HN	Secretaría-Intervención	Licenciatura/ Diplomatura/ Grao Universitario	-	-
1001	Técnico/a de Admón. Xeral	F	1	25	25.241,03 €		C	AL	A1/A2	AX	Técnica	Licenciatura/ Diplomatura/ Grao Universitario	-	(2)
1002	Técnico/a de Xestión	F	1	24/22	16.609,38 €		C	AL	A2/C1	AX	Xestión	Diplomatura/ Grao Universitario ou Bacharelato/ Técnico		(2)
1002A	Técnico/a Local de Emprego e Servizos	F/L	1	24	12.555,12 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 1007 (3)
1002B	Axente de Desenvolvemento local	F/L	1	24	12.097,38 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 1008 (1) (3)
1004	Xefe Negociado Urbanismo	F	1	22	16.740,16 €		C	AL	C1	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico	-	-
1004A	Administrativo/a Informático/a	F	1	16	6.866,08 €		C	AL	C1	AE	Técnica	Bacharelato/ Técnico		
1005	Administrativo/a	F	1	18	10.462,60 €		C	AL	C1/C2	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	(2)
1005A	Administrativo/a	F	1	18	10.462,60 €		C	AL	C1/C2	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	-
1005B	Administrativo/a	L	1	16	6.866,08 €		C	AL	III/IV	-	-	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	Antes código 3003 (1) (2)
1009	Limpador/a	L	1	10	8.304,69 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación		Antes código 4007 (1)
2002	Arquitecto/a Técnico/a	F	1	26	15.955,47 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	-	(1) (3)
3002	Técnico/a Xestión Cultural e Actividades	L	1	22	12.097,38 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 3001
3004	Coordinador/a de Cultura	L	1	20	15.148,98 €		C	AL	III	-	-	Bacharelato / Técnico	-	(1)
3005	Administrativo/a Biblioteca e Arquivo	L	1	20	11.116,52 €		C	AL	III	-	-	Bacharelato / Técnico	-	Antes código 3002
4001	Traballador/a Social	F	1	26	23.540,86 €		C	AL	A2	AE	Técnica	Diplomatura/Grao Universitario	Traballo Social	-
4004	Educador/a Familiar	L	1	24	11.705,04 €		C	AL	II	-	-	Diplomatura/Grao Universitario	-	Antes código 4005 (1)
4005	Administrativo/a	F	1	16	9.808,69 €		C	AL	C1/C2	AX	Administrativa	Bacharelato/ Técnico/ Graduado en ESO	-	Antes código 4003 (2)
4006	Monitor/a Ludoteca	L	2	14	5.013,33 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	Antes código 4004 (1)

4008	Auxiliar de Axuda no Fogar	L	5	10	6.190,37 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 4006 (4)
5001	Encargado/a Obras e Servizos	L	1	14	8.566,26 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	-
5007	Conductor/a Operario/a (Encargado/a)	L	1	14	7.716,17 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	Antes código 5002A
5007A	Conductor/a Recolledor/a Lixo	L	1	14	8.577,15 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	Antes código 5003
5007B	Conductor/a Operario/a de Maquinaria e Servizos	L	1	14	8.533,56 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5004 (1)
5007C	Albanel Oficial 2ª	L	1	12	6.451,94 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5007 (1)
5008	Operario/a RSU	L	1	12	6.473,74 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5005 (1)
5008A	Operario/a Brigada Verde e Servizos Varios	L	2	12	4.969,74 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5006A (1)
5008B	Operario/a Servizos Varios	L	1	14	11.617,85 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5006B (1)
5008C	Conserxe e Servizos Múltiples	L	1	12	6.0506,43 €		C	AL	V	-	-	Sen requirimento de titulación	-	Antes código 5006C (1)
6001	Encargado/a Protección Civil, mantemento de Espazos Naturais e Outros	L	1	14	8.566,26 €		C	AL	IV	-	-	Graduado en ESO	-	(1)

- (1) Aplicación neste posto da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no sector público  
(2) Promoción interna  
(3) Posto ocupado por funcionariado ou persoal laboral  
(4) Persoal subrogado/cedido